



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 17 DE OUTUBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta minutos do día dezasete de outubro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

D. Miguel A. Español Otero

D^a. Montserrat Magallanes Alvarez

D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

D^a. Teresa Vicente Baz

D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (ACTA DE 03.10.2017).

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 3 de outubro de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

PUNTO 2.- EXPTE. 2111/2017.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES LOCAIS. CONTRATACIÓN AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Vista a Orde do 11 de setembro de 2017 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.

DOG nº 183 do 26 de setembro de 2017.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Acordar a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local.
- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a súa contratación.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 3.- EXPEDIENTE 2118/2017. SOLICITUDE DO RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA



Concello A Guarda

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 11/10/2017 da Xunta de Galicia aparece A.M.Á. en lista de agarda con un grado I e 49 puntos, correspondéndolle 20 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle ás 20 horas mensuais.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a A.M.Á con 20 horas mensuais.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

PUNTO 4.- EXPEDIENTE 2051/2017. SOLICITUDE DO RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-DEPENDENCIA

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución.

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 03/10/2017 da Xunta de Galicia aparece M.M.G. en lista de agarda con un grado II e 57 puntos, correspondéndolle 45 horas mensuais como máximo.

Segundo: emítase informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 8 horas mensuais renunciando temporalmente ao resto das horas.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la



Concello A Guarda

organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a M.M.G. con 8 horas mensuais.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

PUNTO 5.- EXPEDIENTE 419/2017. APROBACION COBROS MERCADO 2017

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de mercado, e vista la relación de recibos ao cobro realizado pola tesourería municipal, corespondente ao mes de xullo,

PROPOÑO á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a relación de recibos do mes de xullo para a súa posta ao cobro

RELACIÓN DOS POSTOS FIXOS DO MERCADO MUNICIPAL DA GUARDA (MES DE XULLO DE 2017)

CARTA DE PAGO	Nº POSTO	PLANTA	CONTRIBUÍNTE	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
0	1	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	2	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 121/2017	3	BAIXA	CARRERO VICENTE, ANTONIO JAVIER	89,18	
MER.- 122/2017	4	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	89,18	
MER.- 123/2017	5	BAIXA	BAZ VICENTE, LUIS	115,90	
MER.- 124/2017	6	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	44,86	
MER.- 125/2017	7	BAIXA	PESCADOS NARCISA, S.L.	106,97	
MER.- 126/2017	8	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
MER.- 127/2017	9	BAIXA	RODRÍGUEZ CADILLA, M ^a CARMEN	80,17	
MER.- 128/2017	10	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	66,81	
MER.- 129/2017	11	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	80,17	
0	12	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 130/2017	13	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	89,18	
MER.- 131/2017	14	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
0	15	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-132/2017	BANCADA A	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	26,73	
0	1	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 133/2017	2	ALTA	LEIRA FERRO, MARÍA YOLANDA	29,43	
MER.- 134/2017	3	ALTA	VAQUERO ENES, MERCEDES	66,81	
MER.- 135/2017	4	ALTA	HERMANOS ANDURA	89,18	



Concello A Guarda

			RODRÍGUEZ		
0	5	ALTA	VACANTE		BAIXA
MER.- 136/2017	6	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
MER.- 137/2017	A	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	53,45	
0	B	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 138/2017	C	ALTA	MARTÍNEZ VICENTE, JOSEFINA	44,60	
0	D	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 139/2017	E	ALTA	VICENTE SOUSA, FRANCISCO JAVIER	44,60	
MER.- 140/2017	F	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	35,66	
TOTAL RECIBOS				1.331,78	

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 6.- Expediente 539/2017. PLAN CONCELLOS 2016 LIÑA 1 INVESTIMENTOS. REFORMA CUBERTA SOLANAS

PROPOSTA DE ALCALDIA

Con data 23 de maio a XGL acordou solicita a aplicación da baixa para o investimento: “PECHE PATIO CEIP NICOLAS GUTIERREZ CAMPOS “ por importe de 8.796,47 euros.

Advertido un erro no importe da obra propoño a corrección do acordo que quedaría como segue:

Vista as Bases reguladoras do Plan de obras e servizos (Plan Concellos 2016), Liña 1: Investimentos publicadas no BOP nº 233 do 2 de decembro de 2015

Téndose producido unha baixa na adxudicación da obra “PAVILLÓN SOLANAS” de 8.796,32 euros, e de acordo da base décimo sétima das bases reguladoras destas axudas que textualmente din “De produciren baixas na adxudicación dos contratos o concello beneficiario deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. A existencia e importe da baixa determinarase coa certificación final. A baixa poderá aplicarse en calquera investimento, con independencia do seu importe”.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.-SOLICITAR a aplicación da baixa para o mesmo investimento: “PECHE PATIO CEIP NICOLAS GUTIERREZ CAMPOS “ por importe de 8.796,32 euros.

2.- Aprobar a memoria valorada do proxecto “Peche patio CEIP Nicolás Gutiérrez Campos” redactado por D. Hermelindo Martínez González por un importe de 8.796,47 euros.

3.- Asumir o compromiso de que calquera alteración no execución da obra principal que con leve un incremento no prezo será asumida polo Concello da Guarda.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES



Concello A Guarda

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 994/2017.- D. JOSÉ BENITO GONZÁLEZ MARTÍNEZ, PARA APERTURA DE OCO EN FACHADA DE 1,00 MTS. X 040 MTS. PARA COLOCACIÓN DE ARMARIO E INSTALACIÓN DOS CONTADORES DE AUGA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE IREIRA Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.940/2016.- D^a. ANA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA AISLAMENTO EXTERIOR DAS FACHADAS EN 4 CMS. DE ESPESOR CON ACABADO SUPERFICIAL EN COR BRANCO NUNHA SUPERFICIE DE 63,34 M². DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ Nº. 61, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “SAN ROQUE” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 263/2017.- D. FERNANDO RODRÍGUEZ PORTELA, PARA SUBSTITUIR PORTAL DE GARAXE POR DOBRE PORTA ACRISTALADA MÁIS DOUS FIXOS LATERAIS ACRISTALADOS NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA DO CASTRO Nº. 95, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 633/2017.- H. BRUSELAS, C.B., PARA MODERNIZACIÓN BAÑO NO APARTAMENTO Nº. 304 DO BAIXO CUBERTA (PLANTA 3^a) DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 727/2017.- D^a. MARÍA SOLEDAD ABELLA EP CHARRUE, PARA OBRAS DE REFORMA DE CUARTO DE BAÑO CONSISTENTE EN SUBSTITUIR ALICATADO E SOLADO SITO NA RÚA DE BAIONA Nº. 6-4º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.130/2017. D. EUTIMIO CARRERA DIAZ, PARA AISLAMENTO DE FACHADAS E LAVADO E HIDROFUGADO DA CUBERTA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 9º TRV. SOLANAS Nº. 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-3522/2017.- D^a. MARÍA DEL MAR TRIGO CARRERO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 68,00 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DE MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE E SUBSTITUILO POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E POBLADO DE TELLA CURVA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE ROCHA Nº. 8-A, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.366/2017.- D. RAFAEL GÁNDARA BARBOSA, PARA REALIZAR PECHE FRONTAL DE FINCA (PARCELA Nº. 110-POLÍGONO Nº. 13) NUNHA LONXITUDE DE 28, 00 MTS. LINEAIS CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DUNHA ZAPATA DE FORMIGÓN E COLOCACIÓN DE PILARES DE PEDRA ABUJARDADOS” SITO NA RÚA DE TRV. CARREIRA Nº. 12, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.219/2017.- D^a. ELISA FAGUNDEZ CAMPOS PARA VACIADO DE TERRENO, INSTALACIÓN DE VASO DE PISCINA DE PVC DESMONTABLE E FORMACIÓN DE PRAIA EXTERIOR DE MADEIRA SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE Nº. 44, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: RC-4.238/2017.- D. AGUSTIN CARRERA GONZÁLEZ, PARA PAVIMENTADO DE PATIO EXTERIOR CON FORMIGÓN SOBRE TERRAZO EXISTENTE NUNHA SUPWERFICIE DE 72,00 M². DA VIENDA SITA NA RÚA DE A PORTELA N.º. 40, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.770/2017.- D^a. CARMEN BAZ VICENTE, PARA REPASAR TOZAS CON



Concello A Guarda

GRETAS NA FACHADA PRINCIPAL DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE VICENTA RODRÍGUEZ CACHADA N.º 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 662/2017.- DNA. SARAI PENA PÉREZ, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE PILATES E ELECTRO ESTIMULACIÓN SITO NA RÚA DE BAIONA, N.º 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 2 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: RE-193/2017. D.ª. MARÍA LUISA FERREIRA BOUZADA, PARA AMPLIACIÓN ZONA DE PÚBLICO DO LOCAL "CAPRICHOS" PARA ACTIVIDADE DE COMERCIO Ó POR MENOR DE BOMBÓNS E CAMELOS (Epig. 644.5) SITO NA RÚA DE GALICIA N.º 75-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.540/2017.- D.ª. ROSA MARÍA COEDO PACHECO, PARA OBRAS VARIAS DE ACONDICIONAMENTO DA CLÍNICA ODONTOLÓXICA SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL N.º. 25-1º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.089/2017.- D. JOSÉ ANTONIO BAZ RODRÍGUEZ, PARA REPARAR A SOLEIRA DO GARAXE CONSISTENTE NUNHA CAPA DE FORMIGÓN DE 3 CMS. SITO NA PRAZA DE BAUTISTA ALONSO N.º. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.515/2017.- D. ANTOLIN LOMBA CADILLA, PARA AMPLIACIÓN DE 2 VENTÁS EN FACHADA PRINCIPAL SIMILARES AS DO 3º PISO, E SANEAMENTO DE FACHADA CON PLAQUETAS CERÁMICAS NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE IREIRA N.º. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.771/2017.- D. JOSÉ ANTONIO BAZ LOMBA PARA REPARAR 4 TOZAS DE VENTÁS NA FACHADA PRINCIPAL DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 5º TRV. OLIVA N.º. 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.541/2017.- D. ANTONIO EMILIO ALFONSO PEREIRA, PARA RECRECIDO DE MORTERO DE 3 CMS. DE ESPESOR NUNHA SUPERFICIE DE 180 M² EN TERRAZA PARA DAR CAIDA DE AUGA SITO NA RÚA DE TRV. BOUZO N.º. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 8.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRAS

Pasase a dar conta da solicitude presentada por D. FRANCISCO JAVIER LÓPEZ BLANCO (RE n.º RC-4574 de 24.08.2017) con domicilio na Rúa dos Cabaqueiros, n.º 2-1ºB do Rosal, no que solicita cambio de titularidade de licenza de obras n.º 2/2017 para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa Barreira, n.º 21, en solo urbano de núcleo rural de "O Castro", que figuraba a nome de M.ª Mercedes Verde Lomba, xuntado escritura de compraventa.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos membros presentes, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 9.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de licenzas de apertura:

Exp. N.º 511/2017 de data 30.01.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D.ª. ALICIA CASTRO RODRIGUEZ, con enderezo na Rúa Colón, n.º 10 de A Guarda, para inicio de actividade de ÓPTICOS, OPOTOMETRISTAS E PODÓLOGOS (Epig. 838.2) no local sito na rúa Tomiño, n.º 4-baixo da Guarda, e visto o informe



Concello A Guarda

favorable de data 20 de xuño de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. ALICIA CASTRO RODRÍGUEZ licenza municipal nº 20/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de ÓPTICOS, OPOTOMETRISTAS E PODÓLOGOS (Epig. 838.2) no local sito na rúa Tomiño, nº 4-baixo da Guarda.

Exp. Nº 3602/2017 de data 16.06.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. JOSEFINA CADILLA CASTRO, con enderezo na Rúa Ourense, nº 9-4º de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE PRODUTOS NON ESPECIFICADOS (Epig. 659,9) no local sito na rúa do Porto, nº 48-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 18 de xuño de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. JOSEFINA CADILLA CASTRO licenza municipal nº 21/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE PRODUTOS NON ESPECIFICADOS (Epig. 659,9) no local sito na rúa do Porto, nº 48-baixo da Guarda.

Exp. Nº 1099/2017 de data 01.03.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. OSCAR CASTRO RODRÍGUEZ, con enderezo na Rúa República Dominicana, nº 30-Ático de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE PRODUTOS ALIMENTICIOS SIN ESTABLECEMENTO (Epig. 663.1), e visto o informe favorable de data 31 de xullo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. OSCAR CASTRO RODRÍGUEZ licenza municipal nº 22/2017 para o inicio da actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE PRODUTOS ALIMENTICIOS SIN ESTABLECEMENTO (Epig. 663.1).

Exp. Nº 2289/2017 de data 20.04.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. SARAI PENA PÉREZ, con enderezo na Rúa Mendez Núñez, nº 20-3º de A Guarda, para inicio de actividade de ESCOLAS E SERVIZOS PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE (Epig. 967.2) no local sito na rúa de Baiona, nº 3-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 10 de outubro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. SARAI PENA PÉREZ licenza municipal nº 23/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de ESCOLAS E SERVIZOS PERFECCIONAMENTO DO DEPORTE (Epig. 967.2) no local sito na rúa de Baiona, nº 3-baixo da Guarda.

Exp. Nº RE-194/2017 de data 28.06.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. M^a LUISA FERREIRA BOUZADA, con enderezo na Rúa Galicia, nº 75-baixo de A Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE BOMBÓN E CAMELOS (Epig. 644.5) no local sito na rúa de Galicia, nº 75-baixo de A Guarda, e visto o informe favorable de data 10 de outubro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. M^a LUISA FERREIRA BOUZADA licenza municipal nº 24/2017 para a apertura dun



Concello A Guarda

local dedicado á actividade de COMERCIO Ó POR MENOR DE BOMBÓNS E CAMELOS (Epig. 644.5) no local sito na rúa de Galicia, nº 75-baixo de A Guarda.

Exp. Nº 4822/2017 de data 15.09.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. M^a SOFÍA VICENTE ÁLVAREZ, con enderezo na Rúa Brasilino Álvarez, nº 2-3º de A Guarda, para inicio de actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826.2) no local sito na rúa de Vicente Sobrino, nº 2-baixo de A Guarda, e visto o informe favorable de data 10 de outubro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. M^a SOFÍA VICENTE ÁLVAREZ licenza municipal nº 25/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826.2) no local sito na rúa de Vicente Sobrino, nº 2-baixo de A Guarda.

PUNTO 10.- OBRA MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 383/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 19-05-2015 (R.E. nº. 3.150), pola **DIÓCESE DE TUI-VIGO** con C.I.F. nº. R-360000-J representado por D. PASCUAL BERMUDEZ FERNÁNDEZ (Párroco) con D.N.I. nº. 35.492.081 e D. FRANCISCO SILVA VILLA con D.N.I. nº. 35.807.792-N e con domicilio os efectos de notificación na rúa de 1º Transversal San Roque nº. 13 de A Guarda-C.P. 36789, para “REGULARIZACIÓN DE CEMITERIO PARROQUIAL EXISTENTE” sito na rúa de A Cruz, s/n. da Parroquia de Salcidos, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural e cualificado coa ordenanza de EQUIPAMENTO DE CEMITERIO (Ordenanza nº. 9-B [Área de Tolerancia] do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito pola arquitecta técnica D^a. María del Carmen Baz Pacheco.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 19-08-2015, considérase **favorable** a “regularización de cemiterio existente”.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos de data 01-03-2017, non observando na solicitude ningún inconveniente para a regularización do cemiterio existente, polo cal infórmase **favorablemente** a súa conceción e, en consecuencia, formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la autorización de regularización do cemiterio existente na parroquia de Salcidos a favor da Diócese Tui-Vigo ó abeiro do disposto na Disposición Adicional Primeira do Decreto 151/2014, de 20-11, de Sanidade Mortuoria que amparará tanto a actividade como a obra xa existente, impondo as condicións establecidas nas autorizacións e informes sectoriais existentes no expediente.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **DIÓCESE DE TUI-VIGO**, a “REGULARIZACIÓN DE CEMITERIO PARROQUIAL EXISTENTE” sito na rúa de A Cruz, s/n. da parroquia de Salcidos, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.



Concello A Guarda

EXPEDIENTE NÚMERO: 383/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 31-10-2012 (R.E. nº. 6.925), pola **DIOCESE DE TUI-VIGO** con C.I.F. nº. R-360000-J representado por D. PASCUAL BERMUDEZ FERNÁNDEZ (Pároco) con D.N.I. nº. 35.492.081 e D. FRANCISCO SILVA VILLA con D.N.I. nº. 35.807.792-N e con domicilio os efectos de notificación na rúa de 1º Transversal San Roque nº. 13 de A Guarda-C.P. 36789, para “AMPLIACIÓN DE CEMITERIO PARROQUIAL” sito na rúa de A Cruz, s/n. da Parroquia de Salcidos, en Solo Non Urbanizable Común (Ordenanza nº. 8 do P.X.O.U.) e Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural (Ordenanza nº. 9-B [Área de Tolerancia] do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico subscrito pola arquitecta técnica D^a. María del Carmen Baz Pacheco.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 19-09-2013, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza para “ampliación do cemiterio”.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos de data 01-03-2017, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental para a concesión das licenzas de obra e actividade para ampliación do mesmo cemiterio, polo cal infórmase **favorablemente** a súa conceción e, en consecuencia, formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras a favor da Diócese Tui-Vigo para ampliación do cemiterio parroquial de Salcidos existente, impoñendo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, debendo advertirse ó titular da licenza que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional competente e **se lle dea o visto bo pola Oficina Técnica Municipal**. Asimesmo, impoñense ó solicitante os condicionantes dos informes e autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio e da Xefatura Territorial de Sanidade respecto á ampliación existente no expediente. Debe consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que aprobase o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

2º.- Concede-la licenza municipal de actividade a favor da Diócese Tui-Vigo para ampliación do cemiterio parroquial de Salcidos existente, indicándolle ao solicitante que segundo a autorización favorable da Consellería de Sanidade á ampliación do cemiterio, **unha vez finalizadas as obras de ampliación proxectadas, deberá comunicar á Xefatura da Consellería de Sanidade ó final das mesmas, para realizar a visita de inspección e posteriormente emitir a autorización de apertura de dita ampliación, momento ata o cal non poderá entrar en funcionamento a actividade.**

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **DIOCESE DE TUI-VIGO**, licenza de “OBRAS E ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE CEMITERIO PARROQUIAL” sito na rúa de A Cruz, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interrompirse as obras por tempo superior



Concello A Guarda

a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 11.- ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Predidente da por rematada a sesión ás 09:32 horas do día da data, do que eu como Secretario, dou fe.